



Biblioteca Xosé
Neira Vilas
Concello de Vigo

CONCELLO
DE VIGO



PROGRAMACIÓN DE OUTUBRO 2020

Día das Escritoras: “El esfuerzo cotidiano de las mujeres”. Mostra bibliográfica

Do 1 ao 31 de outubro

Horario de apertura da biblioteca

Aproveitando que este mes se celebra o V *Día de las Escritoras* baixo o lema “El esfuerzo cotidiano de las mujeres”, sumámonos á Biblioteca Nacional no seu obxectivo de “difundir o legado cultural das escritoras do ámbito hispánico e hispanoamericano e lembrar as dificultades que, no pasado, impediron tanto o desenvolvemento da súa obra como o xusto recoñecemento ao seu labor cultural”.

Lembrede que podeades consultar todas as obras en sala ou levalas para casa en préstamo.

Para todos os públicos

Elvira Lindo: Recomendación do mes

Do 1 ao 31 de outubro

Horario de apertura da biblioteca

Nesta ocasión queremos recomendar a obra de Elvira Lindo, unha das figuras máis importantes dentro das letras hispánicas e que este ano é a comisaria da V Edición do Día das Escritoras.

Lembrede que podeades consultar todas as obras en sala ou levalas para casa en préstamo.

Club de lectura

De outubro a xuño

xoves 1 e 15 ás 19.00h

venres 2 e 16 ás 19.00h

O club de lectura é un grupo de persoas afeccionadas á lectura que se reúne dúas veces ao mes para comentar e valorar un libro proporcionado pola propia biblioteca coa axuda da coordinadora Marila Ruíz. O club está concibido para todas aquelas persoas con inquiredanzas culturais, ganas de ler e de intercambiar ideas e opinións.

Para público socio do club

A hora dos contos: Pavís Pavós

Venres, 9 de outubro ás 18.00 h

PREVIA INSCRICIÓN

Dende o día 1 de outubro

A hora dos contos é un proxecto de animación á lectura no que nos visitan diferentes artistas coas súas maletas cargadas de historias, co fin de fomentar entre o público máis pequeno o gusto polos libros e a lectura. Nesta ocasión visítannos Pavís Pavós.

Para público infantil dende 3 anos

Aforo limitado



Biblioteca Xosé
Neira Vilas
Concello de Vigo

CONCELLO
DE VIGO



Día de las escritoras: “el esfuerzo cotidiano de las mujeres”

Luns, 19 de outubro

Horario: de 17.00 a 20.30h

O 19 de outubro é a data que a Biblioteca Nacional propón para celebrar o “Día de las escritoras”, así que ao longo desta xornada toda aquela persoa que leve en préstamo libros escritos por unha muller será obsequiada cunhas flores que levarán unha etiqueta co lema deste ano, “El esfuerzo cotidiano de las mujeres”, e unha cita literaria dalgunha autora destacada.

Paralelamente a esta celebración, todo o mes de outubro contaremos coa mostra bibliográfica na que presentamos diferentes libros de destacadas escritoras, que estarán dispoñibles tanto para consulta como préstamo.

Para público xeral

Encontro con Leticia Costas e Víctor Rivas...Día da bibliotecas

Venres, 23 de outubro falta hora

PREVIA INSCRIPCIÓN

Dende o día 1 de outubro

Para festexar o Día da Biblioteca realizaremos un encontro coa escritora Leticia Costas e co ilustrador Víctor Rivas, ambos creadores de grandes títulos da Literatura Infantil como *Esmeraldina a pequena defunta*, *Escarlatina a cociñeira defunta* e a súa última obra, *Vampira de Biblioteca*.

Para infantil dende 8 anos

Aforo Limitado

Contos Dakí: Celso Sanmartín

Venres, 30 de outubro ás 19.30 h

PREVIA INSCRIPCIÓN

Dende o día 15 de outubro

Contos *Dakí* é un ciclo no que nos visitan algúns dos contadores e contadoras de máis renome do panorama galego e internacional para deleitarnos cos seus contos rescatados da tradición oral, pero tamén da cotianidade que nos rodea. Son historias cheas de humor e retranca que de seguro non han deixar indiferentes a todas aquelas persoas que teñan o pracer de escoitalas. Nesta ocasión visitanos o contador Celso Sanmartín.

Para público adulto

Aforo limitado

.... Ademáis

A Biblioteca Neira Vilas pon en marcha novos servizos dende o próximo mes de outubro

Servizo bibliolabora

Servizo de tramitación dixital

Servizo de asesoramento sobre bibliotecas dixitais

Bibliolabora: asesoramento na elaboración de currículos, búsqueda de traballo en plataformas online, etc.

Tramitación dixital: padrón, cita para ITV, renovación dni...

Asesoramento sobre bibliotecas dixitais: asesoramento ás persoas interesadas no seu manexo a través de dispositivos móbiles e programas necesarios para a súa



Biblioteca Xosé
Neira Vilas
Concello de Vigo

CONCELLO
DE VIGO



visualización.

Horario: todos os mércores de 10:30 a 11:30h

Todos estes novos servizos serán con cita previa, especificando o servizo que se desexa

*A xente interesada en participar nas actividades que precisen “previa inscrición” poden formalizar a súa inscrición a partir das 10.30 horas do día que comeza o prazo (se cadra en domingo ou festivo o prazo comezará o día seguinte laboral, sempre en horario de biblioteca. Lembrade que o luns non abrimos pola mañá). A inscrición pode facerse de forma presencial na biblioteca, mandando un correo electrónico a bpneiravilas@vigo.org indicando os seus datos (nome e apelidos, idade, teléfono e correo electrónico) ou ben a través do teléfono 986 267 759. As actividades son gratuítas e as prazas cóbrense por orde de inscrición.

Podedes consultar as normas de inscrición aquí e as normas das actividades aquí.

- **Tomaránse as medidas sanitarias precisas seguindo as normativas vixentes:**
 - Uso obrigatorio de máscara
 - Facer previa inscrición cun aforamento limitado
 - Separación entre os grupos de 1,5m
- **As persoas que non cumpran coas normas sanitarias deberán abandonar a actividade.**
- **Se as condicións sanitarias son adversas estas actividades poden adiarse, manténdose as inscricións.**